

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE MAIO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 25 de maio de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 20 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, vogal suplente da técnica de Administración xeral de Contratación
D^a. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2, 6 e 10a)
D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, parques e Xardíns (asiste aos puntos 3 e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)" (863-441) (emenda da documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 18 de maio de 2021, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a DEMOLICIONES JAVIER ARES, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. Dentro do prazo concedido, o 19 de maio, o licitador presentou documentación.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a DEMOLICIONES JAVIER ARES, S.L. por ter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 11:30	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA943-5HD3E8-E33355-QLCGLZ-MBS44C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3.- Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo unitario ml. valado aceiro inoxidable AISI 316L instalado
1	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	251,50 €
2	JUAN JOSÉ PACHECO REVUELTA (CARPINTERÍA METÁLICA INOXIDABLE)	179,00 €
3	FRANCISCO EIRAS IGLESIAS	261,60 €
4	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	277,09 €
5	HIRPANEL DEL NORTE, S.L.	258,64 €
6	LAPATIÁN, S.L.	247,38 €
7	OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L.	280,55 €
8	PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U.	215,38 €
9	SIES, SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS	252,28 €
10	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	238,85 €

Asiste á apertura D. Alejandro Pallares Vilar con DNI **.33.56.*, en representación de CALFENSA PROYECTOS, S.L. e D. Francisco Eiras Iglesias, con DNI **.64.16*.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir aos seguintes licitadores por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CALFENSA PROYECTOS, S.L.
 2. FRANCISCO EIRAS IGLESIAS
 3. LAPATIÁN, S.L.
 4. ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 11:30	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA943-5HD3E8-E33355-QLCGLZ-MBS44C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Conceder un prazo de tres días aos licitadores que deseguido se relacionan para que poidan emendar a documentación persoal, concretamente deberán presentar o Anexo II ao PCAP esixido na cláusula 14.3B do e apartado 6B do Anexo I -FEC-:
 1. JUAN JOSÉ PACHECO REVUELTA (CARPINTERÍA METÁLICA INOXIDABLE)
 2. GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.
 3. HIRPANEL DEL NORTE, S.L.
 4. OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L.
 5. PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U.
 6. SIES, SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)" (863-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	131.312,66 €
2	CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	95.845,12 €
3	CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIBERA NAVARRA, S.A.	114.832,07 €
4	DEMOLICIONES JAVIER ARES, S.L.	93.621,86 €
5	EXCAVACIONES J. CARREIRA, S.L.	106.598,05 €
6	GRANIOREGA, S.L.	118.077,85 €
7	POSADA ORGANIZACIÓN, S.A.	118.580,00 €
8	RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA, S.L.	82.146,90 €

Asiste á apertura D^a. Rebeca Platero López de Turiso, con DNI número **.88.75*, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Entrégase na mesma sesión o informe asinado o 25 de maio de 2021 pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)"



(863-441)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto anterior conceder un prazo a un dos licitadores para xustificar a súa baixa.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 3 conceder un prazo a varios dos licitadores para poder emendar a documentación persoal.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 11:30	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA943-5HD3E8-E33355-QLCGLZ-MBS44C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		